

10 anos da Biblioteca de Galicia

1980

M^o DE ADMINISTRACION TERRITORIAL

17016 *REAL DECRETO 1634/1980, de 31 de julio, sobre transferencias de la Administración del Estado a la Junta de Galicia en materia de trabajo, industria, comercio, sanidad, cultura y pesca.*

El Real Decreto siete/mil novecientos setenta y ocho, de dieciséis de marzo, por el que se estableció el régimen preautonómico para Galicia, desarrollado por el Real Decreto cuatrocientos setenta y cuatro/mil novecientos setenta y ocho, de dieciséis de marzo, contenía diversas previsiones para posibilitar el ejercicio por la Junta de Galicia de competencias hasta el momento correspondientes a diversos Organismos de la Administración del Estado.

En este sentido, los Reales Decretos números doscientos doce/mil novecientos setenta y nueve, de veintiséis de enero, y mil cuatrocientos/mil novecientos setenta y nueve, de trece de febrero, regularon las transferencias de competencias de la Administración del Estado a la Junta de Galicia en materia de turismo, actividades molestas, insalubres, nocivas y peligrosas, transporte, urbanismo e interior.

Habiendo progresado, mediante mecanismo establecido en las disposiciones aludidas, el estudio de nuevas posibles transferencias a la Junta de Galicia, resulta procedente traspasar diversas funciones de trabajo, éstas como primera fase en el período preautonómico, industria, comercio, sanidad, cultura y pesca.

Tal es la finalidad y contenido del presente Real Decreto, elaborado a la vista de las propuestas elevadas por la Comisión Mixta de transferencias, con el que se potenciarán las funciones y competencias de la Junta, en tanto la autonomía de Galicia alcance su plenitud a través del Estatuto previsto en la Constitución.

En su virtud y haciendo uso de la autorización contenida en los artículos sexto, c), y noveno del Real Decreto-ley cuarenta y uno/mil novecientos setenta y siete, de veintinueve de septiembre, a propuesta del Ministro de Administración Territorial y previa deliberación del Consejo de Ministros en su reunión del día treinta y uno de julio de mil novecientos ochenta,

SECCION QUINTA. CULTURA

Artículo treinta y seis.—Centro Nacional de Lectura. Se transfieren las competencias del Centro Nacional de Lectura, incluidos los créditos que correspondan, entre los Centros dependientes del mismo, todo ello dentro del ámbito territorial de la Junta de Galicia.

La Junta de Galicia se subrogará en las funciones ejercidas por la Administración del Estado en el seno de los Patronatos que rigen los actuales Centros Provinciales coordinadores que hayan sido creados por conciertos con las Corporaciones públicas o privadas de Galicia.

Artículo treinta y siete.—Corresponderá a la Junta de Galicia, dentro de su ámbito territorial de competencia:

a) La realización de los conciertos a que se refiere el artículo primero del Decreto cuatro de julio de mil novecientos cincuenta y dos, por el que se aprueba el Reglamento del Centro Nacional de Lectura.

b) Orientar el servicio público de lectura en orden a la difusión de la cultura por medio del libro, en coordinación con el Plan General de Actuación de la Administración del Estado en cuanto a la política del libro y la información científica y elaborar planes propios, de acuerdo, en cada momento, con las necesidades culturales de Galicia, compatibles con el Plan General de Actuación de la Administración Central.

c) Aplicar los criterios con arreglo a los cuales se han de establecer los acuerdos con los Organismos colaboradores en Galicia, dentro de las normas generales dictadas por el Consejo Nacional de Lectura.

d) Recabar ayuda moral y económica de Entidades de Galicia, públicas o privadas, para los fines del Centro.

e) Las competencias previstas en el apartado d) del artículo cuarto del Reglamento del Centro Nacional de Lectura.

- **Estudiar la ampliación de nuevos servicios bibliotecarios**, celebración de actos culturales, cursillos de formación profesional, publicaciones con fines de técnica y divulgación profesional, publicaciones con fines de técnica y divulgación bibliotecaria y exposiciones de libros y material de bibliotecas.
- Se transfiere la **tramitación de las solicitudes de asignación de número de depósito legal** de libros que se formulen en Galicia con sujeción a las normas generales e instrucciones emanadas del Instituto competente para su asignación, sin que ello pueda comportar demoras sobre el sistema actual.
- El **cuidado y la defensa del tesoro bibliográfico de la nación en el territorio gallego**, ejerciendo las funciones previstas en el artículo quinto de la Ley veintiséis/mil novecientos setenta y dos de veintiuno de junio.

1989

MINISTERIO PARA LAS ADMINISTRACIONES PUBLICAS

29755 *REAL DECRETO 1531/1989, de 15 de diciembre, sobre ampliación de medios personales y presupuestarios traspasados a la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de Cultura (Bibliotecas, Archivos y Museos).*

El Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado por Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril («Boletín Oficial del Estado» del 28), establece en el título segundo las competencias de la Comunidad Autónoma y regula en su artículo 27, apartados 18 y 19, las competencias que asume la citada Comunidad en materia de Cultura.

Por su parte, el Real Decreto 2434/1982, de 24 de julio («Boletín Oficial del Estado» de 1 de octubre y 4 de noviembre), sobre traspaso de funciones y servicios del Estado a la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de Cultura, preveía en su anexo I, letra D, apartado d), que ambas Administraciones podrán establecer Convenios de colaboración en aquellas actividades concurrentes que estimen necesarias para el fomento de la Cultura y de las Bellas Artes en el territorio de Galicia.

Finalmente, el Real Decreto 581/1982, de 26 de febrero («Boletín Oficial del Estado» de 24 de marzo), aprueba las normas y el procedimiento a que han de ajustarse los traspasos de funciones y servicios de la Administración del Estado a la Comunidad Autónoma de Galicia.

Alcanzado acuerdo en el establecimiento de los correspondientes Convenios por los que la Comunidad Autónoma de Galicia asume la gestión de Museos, Archivos y Bibliotecas de titularidad estatal, la Comisión Mixta de Transferencias Administración del Estado-Comunidad Autónoma de Galicia ha concretado los correspondientes medios personales y presupuestarios que deben ser objeto de traspaso a la Comunidad Autónoma.

En su virtud, en cumplimiento de lo establecido en la disposición transitoria cuarta del Estatuto de Autonomía para Galicia, a propuesta

1.036

DIARIO OFICIAL DE GALICIA

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería da Presidencia e Administración
Pública

Decreto 309/1989, do 28 de decembro, sobre asunción de medios transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (bibliotecas, arquivos e museos) mediante Real Decreto 1531/1989, do 15 de decembro e sobre asignación dos medios asumidos á Consellería de Cultura e Deportes.

Por Real Decreto 1531/1989, do 15 de decembro, amplíanse os medios persoais e presupostarios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (bibliotecas, arquivos e museos).

Semella, pois, conveniente asumir de forma expresa tales medios, que se consignan relacionados no real decreto aludido, nos termos e condicións especificados no acordo da Comisión Mixta de Transferencias, e asignalas ós órganos correspondentes da Administración galega.

LEI 14/1989, DO 11 DE OUTUBRO, DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

A Constitución Española, establece, no seu artigo 44, que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso à cultura, à que todos teñen dereito. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 4, alínea 2, dispón que os poderes públicos de Galicia facilitarán a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social. O Manifesto da UNESCO sobre a Biblioteca Pública e a Carta do Libro define a biblioteca pública como o principal medio de fornecer a todos acceso ao tesouro do pensamento e das ideas humanas, así como às criacións do home, constituíndose nunha institución democrática de ensino, cultura e información.

Corresponde à Xunta de Galicia, dacordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, no artigo 27, alínea 18, a competencia exclusiva en materia de bibliotecas que non sexan de titularidade estatal. Por tanto, a finalidade da presente Lei é desenvolver, en cumprimento do mandato constitucional e estatutario, e nos termos previstos polo lexislador, o acceso à cultura en condicións de igualdade para todos os cidadáns através da lectura, función que se considera primordial entre as encomendadas às bibliotecas obxecto da presente Lei, así como o coñecimento dos bens do noso patrimonio bibliográfico nelas custodiado.

Co fin de facer efectivo todo o enunciado máis arriba dítase a presente Lei, que establece as liñas xerais do que ha de ser o sistema bibliotecario de Galicia, que se concibe como un todo aos efectos de xestión, planificación e interconexión, ofrecendo a oportunidade de levar a cabo unha política coherente en materia de bibliotecas que garanta, finalmente, o dereito de todos os cidadáns galegos à cultura.

Dacordo co previsto no artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e 24 da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, sanciono e promulgo no nome de El-Rei a Lei de Bibliotecas.

LEI 14/1989, DO 11 DE OUTUBRO, DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

Artigo 4.

O sistema bibliotecario de Galicia fica constituído do seguinte modo:

- a) Órgaos: Os servizos bibliotecarios dependentes da Consellería de Cultura e Deportes, o Consello de Bibliotecas e os Centros Territoriais de Bibliotecas.
- b) Centros bibliotecarios: O **Centro Superior Bibliográfico de Galicia** e outros centros bibliotecarios que entren no ámbito da presente Lei.

LEI 14/1989, DO 11 DE OUTUBRO, DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

Artigo 8.

O **Centro Superior Bibliográfico de Galicia** terá como funcións propias, sen prexuízo das que se lle podan atribuír, por outras disposicións, as seguintes:

- a) Recoller, conservar e difundir o patrimonio bibliográfico de Galicia e toda a produción impresa, sonora, audiovisual e informática que se realice en Galicia. Para tal fin recibirá, alomenos, un exemplar das obras suxeitas a depósito legal. O Centro Superior Bibliográfico de Galicia terá preferencia en caso de reasentamentos ou de depósitos de fondos procedentes de outras bibliotecas. Tamén reunirá e conservará toda a produción impresa, sonora, audiovisual e informática en galego e en outras linguas, realizada fóra de Galicia pero referente a ésta ou de especial interese para Galicia.
- b) Exercer as competencias da Xunta de Galicia en materia de xestión do depósito legal e de rexistro da propiedade intelectual.

LEI 14/1989, DO 11 DE OUTUBRO, DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

Artigo 8.

- c) Elaborar e difundir a información bibliográfica sobre a produción editorial galega, actual e retrospectiva.
- d) Elaborar e ser depositario do Catálogo Colectivo de Galicia.
- e) O Centro Superior Bibliográfico de Galicia deberá contar con un sistema de consulta do seu catálogo xeral, que será accesible, de modo eficaz, desde os distintos centros bibliotecarios do sistema.
- f) Establecer relacións de colaboración e troco con outros sistemas bibliotecarios nacionais e estranxeiros.
- g) A Consellería de Cultura e Deportes determinará a composición, funcionamento e dotacións materiais e persoais deste Centro.



CSBG

Centro Superior Bibliográfico de Galicia



Consellería de Cultura,
Comunicación Social
e Turismo

Dirección Xeral
de Promoción Cultural

- Catálogos. Catálogos Colectivos
- O libro galego. Bibliografía de Galicia
- Biblioteca Virtual de Galicia
- Rede de Bibliotecas de Galicia
- Directorio de Bibliotecas de Galicia
- Publicacións e outras informacións de interese

Decreto 24/1995, do 20 de xaneiro, polo que se regulan os centros bibliotecarios fixos

Artigo 4

1. O **Centro Superior Bibliográfico de Galicia** será o núcleo central de información bibliográfica, de automatización, de normalización dos procesos técnicos, dos plans para a catalogación centralizada ou compartida, e de información, asesoría e formación profesional. Será tamén o centro principal de calquera actividade colectiva, ou de carácter xeral para o ámbito galego, que poida xurdir na rede de bibliotecas de Galicia.
2. O **Centro Superior Bibliográfico** recibirá un exemplar do depósito legal segundo o disposto no artigo 4.a do Decreto 36/1991, do 1 de febreiro, polo que se establecen as normas que regulan o funcionamento do depósito legal en Galicia e os dez exemplares que establece o Decreto 316/1990, do 8 de xuño, polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia.


Decreto 24/1995, do 20 de xaneiro, polo que se regulan os centros bibliotecarios fixos

Artigo 4

3. Realizará as funcións que se determinan no artigo 8 da Lei de Galicia 14/1989, de bibliotecas, ademais das que se relacionan a seguir:

- A dirección técnica dos procesos de catalogación compartida ou centralizada, ademais doutros programas que poidan xurdir na rede.
- A xestión das responsabilidades asumidas pola Xunta de Galicia en todo o referente ó tesouro bibliográfico, e dirección e asesoría técnica nos programas de conservación e restauración.
- O estudo, elaboración e difusión dos requisitos de normalización precisos para o correcto funcionamento en rede e para permiti-las necesarias conexións dentro do sistema e desta coas redes nacionais e internacionais.
- A información, asesoría e formación técnica ás bibliotecas da rede.
- A difusión da información recompilada ou xerada pola propia institución.

DOG



DOG Núm. 190

Venres, 27 de setembro de 1996

Páx. 8.713



III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA E COMUNICACIÓN SOCIAL

DECRETO 357/1996, do 19 de setembro, polo que o Centro Superior Bibliográfico de Galicia pasa a denominarse Centro Superior Bibliográfico de Galicia Xosé Fernando Filgueira Valverde.

A importancia da figura de Xosé Filgueira Valverde na cultura galega é tan ampla e tan profunda como a súa inmensa capacidade de traballo e de entrega á terra que tanto amou e á que dedicou toda a súa vida de estudo e sacrificio. Home de inmensurable curiosidade e de cultura humanista e universal, todo canto a Galicia atinxía espertaba o seu interese e era motivo para el de investigación e de análise. A nosa historia, a nosa literatura, a arqueoloxía, a arte, a antropoloxía, a lingüística, e tódolos campos da cultura en xeral contan con importantes achegas deste galego insigne, figura fundamental neste século e mestre de moitas xeracións de pensadores, intelectuais e investigadores galegos. Dentro da súa enciclopédica achega á nosa cultura, a bibliografía e os estudos sobre o libro galego ocupan un lugar non menos importante có das outras disciplinas académicas. Os seus incansables traballos de investigación, o seu importantísimo labor no mantemento e dirección da bibliografía

2009



Decreto 208/2010, do 16 de decembro, polo que se establece a denominación do Centro Superior Bibliográfico de Galicia como Biblioteca de Galicia (Centro Superior Bibliográfico de Galicia).

A Lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas, creou o Centro Superior Bibliográfico, centro bibliotecario fixo, cabeceira da Rede de Bibliotecas de Galicia, e núcleo central de información bibliográfica, de automatización, de normalización dos procesos técnicos, dos plans para a catalogación centralizada ou compartida, e de información, asesoría e formación profesional.

Desde a posta en funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia a sede do Centro Superior Bibliográfico de Galicia será o edificio da Biblioteca de Galicia. Coa finalidade de evitar confusión sobre o nome do centro e o da súa sede, considérase conveniente que a denominación sexa a de Biblioteca de Galicia-Centro Superior Bibliográfico de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura e Turismo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezaseis de decembro de dous mil dez,

DISPOÑO:

Artigo único.-O Centro Superior Bibliográfico de Galicia, creado pola Lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas, pasa a denominarse Biblioteca de Galicia (Centro Superior Bibliográfico de Galicia).

11.01.2021



10 ANOS BIBLIOTECA DE GALICIA 16/12/2021



1989-2012

- Patrimonio bibliográfico de Galicia - Catálogo Colectivo de Galicia
- Producción impresa, sonora, audiovisual e informática en galego e en outras linguas, realizada fóra de Galicia pero referente a esta ou de especial interese para Galicia
- Xestión do depósito legal e de rexistro da propiedade intelectual
- Núcleo central de información bibliográfica, de automatización, de normalización dos procesos técnicos, dos plans para a catalogación centralizada ou compartida
- Información, asesoría e formación técnica ás bibliotecas da rede

Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia

Artigo 10. A Biblioteca de Galicia

1. A **Biblioteca de Galicia** é a biblioteca central do Sistema Galego de Bibliotecas, órgano administrativo adscrito á consellaría competente en materia de bibliotecas, a través do centro directivo competente nesta materia, e terá a súa sede en Santiago de Compostela.
2. As súas funcións son:
 - a) Recuperar, recoller, conservar, enriquecer e difundir o patrimonio bibliográfico de Galicia, a produción bibliográfica galega e a relacionada co ámbito lingüístico e temático galego.
 - b) Coordinar, recibir e xestionar, como centro depositario, o depósito legal e velar polo cumprimento da normativa de depósito legal.
 - c) Xestionar unha colección de fondos de soporte ao préstamo interbibliotecario.
 - d) Favorecer a investigación científica e bibliográfica de carácter universal.

Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia

Artigo 10. A Biblioteca de Galicia

- e) Formar e dar a coñecer unha colección de publicacións de interese pola súa relación con Galicia. Con este obxectivo reunirá, conservará e difundirá a produción realizada fóra de Galicia referente a esta ou de especial interese para Galicia.
- f) Reunir, conservar e difundir as publicacións oficiais das institucións públicas galegas.
- g) Coordinar, alentar e elaborar pautas e directrices para o tratamento, a restauración e a dixitalización do patrimonio bibliográfico galego e para a creación de repositorios de libre acceso á información, buscando unificar ou interrelacionar procedementos de traballo cos arquivos e museos de Galicia.
- h) Elaborar, manter e difundir a bibliografía corrente e retrospectiva de Galicia e o Catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico galego.

Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia

Artigo 10. A Biblioteca de Galicia

i) Xestionar e facilitar o acceso ás obras duplicadas e procedentes da expurgación das bibliotecas que integran o Sistema Galego de Bibliotecas, segundo os acordos e a normativa establecidos para tal efecto.

j) Constituír a biblioteca dixital galega e actuar como centro de referencia en materia de dixitalización do material cultural. Para tal efecto, creará e xestionará un rexistro de obras dixitalizadas en Galicia e un repositorio de obrigada actualización para todas as entidades e centros que acometan procesos de dixitalización en colaboración coa Xunta de Galicia. Elaborará, así mesmo, as directrices ou normativas apropiadas sobre dixitalización e procedementos técnicos relacionados para a súa utilización nas bibliotecas galegas, e establecerase ademais como centro de agregación e acceso a proxectos nacionais e supranacionais relacionados coa dixitalización e coa creación de repositorios de acceso aos fondos electrónicos resultantes.

Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia

Artigo 10. A Biblioteca de Galicia

- k) Constituírse en centro de conexión da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia co ámbito bibliotecario internacional, tanto para a introdución e o desenvolvemento en Galicia de iniciativas e proxectos supranacionais coma para a difusión no exterior do patrimonio bibliográfico e das iniciativas que se xeren no eido bibliotecario galego.
- l) Crear e manter un repositorio de patrimonio dixital galego.
- m) Adoptar e adaptar para o sistema bibliotecario as normas bibliográficas internacionais e outros estándares de xestión da información, e elaborar, en colaboración con outras bibliotecas do sistema, o catálogo de autoridades.

AS SECCIÓNS DA BIBLIOTECA DE GALICIA

PATRIMONIO BIBLIOGRÁFICO

Segundo o artigo 110 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, o patrimonio bibliográfico galego está constituído polos fondos e coleccións bibliográficas e hemerográficas de especial valor cultural. Precisamente recoller, conservar, enriquecer e difundir ese patrimonio é un dos cometidos fundamentais da Biblioteca de Galicia.

A Biblioteca dá cumprimento a esta función mediante dúas tarefas, xestionando o Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico Galego (CCPBG) e creando e mantendo una colección propia de fondo antigo e patrimonial. A Biblioteca, naceu sen fondos propios, pero asumiu a responsabilidade de crear unha colección propia de fodo antigo e patrimonial para tratar de asegurar o maior grado de conservación posible ao patrimonio bibliográfico galego.

Nestes momentos no catálogo da biblioteca pódense identificar 25.598 exemplares de obras impresas ou manuscritas anteriores ao ano 1958.

Esta sección tamén inclúe unha importante colección de mapas, folletos, follas soltas e obras noutros soportes como os gravados.



O CATÁLOGO COLECTIVO DO PATRIMONIO BIBLIOGRÁFICO GALEGO

Ademais de conservar un fondo físico que reflecta o patrimonio bibliográfico galego, a Biblioteca de Galicia tamén ten entre as súas funcións a responsabilidade de elaborar, manter e difundir o Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico Galego (CCPBG).

En 1985 publicouse a Lei do Patrimonio Histórico Español, cuxo Regulamento prevía a realización dun catálogo colectivo, anhelado de investigadores e bibliotecarios durante séculos. Na nosa comunidade a responsabilidade desa realización recaeu no Centro Superior Bibliográfico de Galicia, agora Biblioteca de Galicia, proxecto no que leva traballando desde o ano 1.989.

Durante estes máis de 30 anos traballouse en 43 bibliotecas. A catalogación do fondo antigo galego realizouse en diferentes soportes en consonancia coa tecnoloxía dispoñible en cada momento. Esta circunstancia derivou en que ata 2018 non existise unha base de datos común na que poder acceder a todos os rexistros bibliográficos e de exemplar das diferentes bibliotecas nas que se traballou.

Títulos por institución participante: as máis destacadas




Nese ano 2018, xestionado pola Biblioteca de Galicia, deuse acceso ao micrositio do Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia, dentro de Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia.

<https://biblioteca.galiciana.gal/ccpbpg/gl/micrositios/inicio.do>

Cifras totais do Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia no ano 2021:

- Títulos: 216.886.
- Exemplares: 349.834.
- Títulos do CCPBG dixitalizados: 4.833.
- Imaxes dixitais: 765.605.



HEMEROTECA

Esta é a sección máis grande da Biblioteca de Galicia. Nestes momentos inclúe máis de 8.200 títulos de publicacións seriadas, entre cabeceiras de prensa diaria, revistas, anuarios e calquera outro tipo de recurso continuado desde o século XIX ata a actualidade



HEMEROTECA

A Biblioteca de Galicia custodia a maior colección de prensa da nosa Comunidade. Os periódicos, revistas e boletíns ocupan un espazo duns catro quilómetros de andeis e abarcan un período de 235 anos, desde o *Mercurio de España* de 1787, pasando por unha das primeira cabeceira de prensa galega que conservamos, o *Diario de La Coruña* de 1808, ata chegar á prensa actual, que se recibe mensualmente a través do DL na nosa biblioteca para garantir a súa conservación para as xeracións futuras.

Para esta sección de Hemeroteca foron moi importantes os depósitos que realizaron algunhas importantes institución da nosa comunidade, como a Asociación de Prensa da Coruña, a Fundación Barrié ou o Grupo El Correo Gallego.



DEPÓSITO LEGAL

A Biblioteca de Galicia ten a función de coordinar, recibir e xestionar, como centro depositario, o depósito legal e velar polo cumprimento da normativa que o regula.

Na actualidade o catálogo da biblioteca devolve uns resultados de máis de 75.000 títulos ingresados por Depósito Legal desde o ano 1981, data en que a Xunta de Galicia, primeiro a través do CSBG e actualmente a través da Biblioteca de Galicia, asume a responsabilidade efectiva de recoller os exemplares das publicacións suxeitas a depósito legal.

Neste ano 2021, en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia e co Servizo do Libros, Publicacións e Depósito Legal, acábase de poñer en marcha un novo programa de xestión para o Depósito Legal que permitirá seguir toda a trazabilidade dunha obra de DL dende a solicitude do número polo editor ata a súa custodia nos centros de conservación.




O ARQUIVADO WEB

A Biblioteca de Galicia non só se interesa por facer chegar o pasado ao presente, senón de conservar este noso presente para o mañá, inmediato ou de xeracións futuras. Por este motivo, desde 2015 gardar toda a información de interese cultural, político e social que se conserva en Internet. Esta tarefa lévaa a cabo en colaboración coa Biblioteca Nacional de España, que creou o Arquivo da Web Española, que consiste na recolección e conservación da información que se xera na Internet.

Galicia conta cun dominio propio na Internet para a lingua e a cultura galegas, o .gal. Contar con este dominio facilita moito as tarefas a hora de establecer a xestión do depósito legal das publicacións en liña. A obrigatoriedade de estar rexistrado para poder publicar un sitio web asociado a .gal facilita que todos os nomes deste dominio estean identificados e permite que o depósito legal sexa un instrumento fiable para garantir a conservación futura de todos eses sitios web rexistrados baixo o dominio .gal.

Recolección .gal	
Ano	Número de dominios arquivados
2017	4.261
2018	4.788
2019	5.140
2020	5.540
2021	6.120



OUTRAS COLECCIÓNS

COLECCIÓN GALICIA

Este fondo responde a función de *“formar e dar a coñecer unha colección de publicacións de interese pola súa relación con Galicia”*, tal e como determina o artigo 10.2. e) da Lei 5/2012, de bibliotecas de Galicia. Actualmente pódense consultar no catálogo algo máis de 4.413 volumes desta colección.

MATERIAIS ESPECIAIS

A sección de materiais especiais da Biblioteca de Galicia está formada por todos aqueles documentos que non son nin monografías ou folletos, nin publicacións periódicas. Nestes momentos o catálogo da Biblioteca de Galicia dá acceso a máis de 9.500 títulos desta sección.



BIBLIOGRAFÍA E REFERENCIA

Esta sección é un servizo esencial da Biblioteca de Galicia, en canto que biblioteca de investigación, xa que recolle os recursos bibliográficos que ofrecen información básica, tanto de temas xerais como especializados.

No catálogo da Biblioteca de Galicia están accesibles 14.801 rexistros desta sección, que inclúe títulos básicos de divulgación xeral, entre eles os das principais enciclopedias do mundo, e tamén obras especializadas en distintas disciplinas, como xeografía, lingua ou literatura. A maioría destas obras están dispoñibles en acceso directo na sala de lectura.

BIBLIOTECA PROFESIONAL

A colección profesional da Biblioteca de Galicia comprende os fondos relacionados coa biblioteconomía, a documentación, a arquivística e a museoloxía. O obxectivo é proporcionar un soporte informativo e documental axeitado aos profesionais destes sectores.

Estas obras non se atopan de forma habitual nas bibliotecas públicas pequenas ou medianas, co que constitúen un fondo documental imprescindible que permite acercar esta bibliografía aos usuarios finais. Actualmente esta sección conta con 9.244 volumes, a maioría en acceso directo na sala de lectura.

BIBLIOTECA CENTRAL DE PRÉSTAMO

A lei de bibliotecas de Galicia, determina que a Biblioteca de Galicia ten que: xestionar unha colección de fondos de soporte ao préstamo interbibliotecario. Para cumprir con esta función creouse a Biblioteca Central de Préstamo, un servizo que ten a misión de apoiar ás bibliotecas públicas de Galicia para optimizar os recursos existentes, mellorar a oferta informativa da Rede de bibliotecas e resolver ou minimizar carencias funcionais e de espazo. Actualmente conta con case 56.000 unidades bibliográficas catalogadas.



CLUB DE LECTURA DE GALICIA

Este servizo creouse co fin de servir de apoio e coordinación aos clubs de lectura existentes nas bibliotecas públicas galegas e de crear unha colección básica de fondos con continuas incorporacións para o préstamo centralizado.

Deste xeito, dende a Biblioteca de Galicia proporciónanse fondos e asesoramento aos profesionais das bibliotecas para o desenvolvemento dos múltiples e variados clubs ao longo da nosa Comunidade. Este apoio implica a creación e extensión dunha verdadeira rede comunitaria de fondos accesibles para todos os clubs de lectura.

Hoxe, esta colección está formada por 1430 títulos e 29541 exemplares, cunha tipoloxía de fondos que abarca a narrativa, teatro, poesía, banda deseñada, lectura fácil, así como literatura infantil e xuvenil. Estas obras pódense atopar en diferentes linguas: galego, castelán, francés, inglés, italiano e portugués.

BIBLIOTECA DA MULLER CONCEPCIÓN ARENAL.

Trátase dunha colección especializada destinada a investigación e o coñecemento de temas feministas, sobre igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, e de calquera outro eido relacionado coa muller. Esta sección constitúese no ano 2010 froito dun acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Secretaría Xeral de Igualdade. Inaugúrase o 8 de marzo de 2011, en conmemoración do Día Internacional da Muller. A colección, que permanece unida e exposta ao público na galería da planta 0 da biblioteca, está formada na actualidade por 4.712 volumes.

BIBLIOTECA GÁLIX.

Esta colección é unha sección especializada de libro infantil e xuvenil que se constitúe no ano 2013 a través dun acordo de depósito en réxime de comodato realizado coa Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX). Ademais das obras infantís e xuvenís, tamén integran o seu fondo monografías, publicacións periódicas, guías, catálogos, premios...

A Biblioteca de Galicia recibiu en 2013 máis de 3.000 volumes dos fondos de GÁLIX destinados aos lectores máis novos. Trátase dun fondo vivo que vai medrando como o seu público, gracias ás entidades que o nutren, e que son os seus socios, as editoriais,

asociacións, fundacións. Na actualidade esta colección está formada por 4.892 volumes.

FONDO LGTBIQ+

A Biblioteca de Galicia conta cun fondo bibliográfico específico en razón de sexo, sobre temática lesbiana, gay, transexual e bisexual, que se crea como tal a iniciativa do Parlamento de Galicia. A creación como fondo independente cumpre co obxectivo de darlle visibilidade a unha temática ata hai pouco reservada e discriminada. Aínda que cun número de títulos pequeno, arredor de 620.




FONDO IGAEM / AGADIC.

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) foi un organismo autónomo da Xunta, adscrito á consellería competente en materia de Cultura. En 2008 foi substituído pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), creada coa finalidade de desenvolver unha programación uniforme para o fomento de todas as actividades artísticas e culturais, sen a restrición do campo de actuación ás artes escénicas e musicais que tiña o IGAEM.

Desde a súa creación o IGAEM formou unha colección bibliográfica, constituída na súa maioría por monografías especializadas nas artes escénicas e musicais, que servise de apoio para o desenvolvemento das súas funcións. Tras a súa desaparición, unha parte dese fondo pasou a formar parte do acervo bibliográfico da BdG. No ano 2018 depositouse o resto da colección bibliográfica e documental que aínda non se incorporara ao fondo.

Esta importante doazón permitiu incrementar de xeito significativo a colección da biblioteca en materiais como carteis, fotografías, folletos e incluso manuscritos e impresos dos guións empregados nas obras de teatro estreadas baixo o patrocinio de AGADIC. Na actualidade o catálogo dá acceso a 3.415 volumes desta colección.



DOAZÓNS E COMODATOS

Unha parte importante do fondo bibliográfico da Biblioteca de Galicia está constituído por coleccións particulares, ingresadas habitualmente a través de comodatos e doazóns. Trátase de bibliotecas procedentes de coleccionistas, estudiosos e intelectuais, case na súa totalidade galegos, que consideraron os depósitos da Biblioteca de Galicia como o mellor destino para os seus libros.

A vontade de depositar as súas coleccións na biblioteca central do Sistema de Bibliotecas de Galicia para que toda a cidadanía poida acceder a súa consulta tamén estivo presente nos depósitos que realizaron algunhas das institucións económicas e culturais máis destacadas da nosa comunidade, como ABANCA Corporación Bancaria,

S.A. ou a Fundación Barrié de la Maza. Grazas a súa xenerosidade a Biblioteca de Galicia alberga o Fondo Bibliográfico ABANCA, declarado BIC e composto por máis de 3.000 volumes, entre eles 69 incunables, ou a colección hemerográfica da Fundación Barrié, que inclúe máis de 100.00 números de prensa diaria.



Outras destacadas doazóns e das que se pode obter toda a información bibliográfica a través do catálogo da Biblioteca son as seguintes:

- Biblioteca de Basilio Losada – 11.163 exemplares
- Biblioteca de Xesús Alonso Montero – 12.804 exemplares
- Biblioteca de Rodolfo Núñez de las Cuevas– 4.463 exemplares
- Biblioteca de Luís Losada Espinosa – 2.468 exemplares
- Biblioteca de Agustín Sixto Seco – 4.420 exemplares
- Biblioteca de Celso Collazo – 2.528 exemplares
- Biblioteca de Isaac Díaz Pardo – 6.399 exemplares
- Biblioteca de José Luís Basanta – 3.514 exemplares
- Biblioteca Augusto Pérez Alberti – 1.591 exemplares
- Fondo Chamoso Lamas – 122 exemplares

Xa conservadas nos depósitos, pero aínda pendentes de procesar, están outras importantes bibliotecas, como a de Carlos Casares, composta por máis de 3.000 volumes, a do reporteiro Alejandro Armesto, constituída por máis de 6.000 exemplares, ou a de Agustín Fernández Paz, con arredor de 4.000 títulos.

Entre 2019 e 2021 os fondos da Biblioteca incrementáronse coa doazón doutras cinco importantes bibliotecas particulares: a do catedrático de Xeografía, Augusto Pérez Alberti (xa catalogada); a do xurista José Manuel Romay Becaría, composta por máis de 3.000 volumes; e as dos escritores María Xosé Queizán, Luz Pozo Garza e Xavier Seoane, con máis de 2.800, 4.200 e 10.900 libros cada unha delas.



ACCESO E DIFUSIÓN

A Biblioteca de Galicia ten, como unha das súas principais funcións, poñer en marcha proxectos de difusión para que toda a cidadanía coñeza, tanto as obras que custodia, como fitos relevantes da historia cultural de Galicia que teñen nos libros e xornais a súa máis valiosa fonte de información.

GALICIANA-BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA

Galiciana é o repositorio do patrimonio bibliográfico dixitalizado impulsado pola Xunta de Galicia. A súa xestión é unha das funcións da Biblioteca de Galicia. Ten como obxectivo a dixitalización e o acceso aos fondos bibliográficos máis relevantes da nosa Comunidade, permitir a consulta das obras en calquera momento e lugar. Na actualidade dá acceso a máis de 2,6 millóns de páxinas dixitalizadas, non só de fondos da propia Biblioteca de Galicia, senón tamén doutras institucións da memoria de Galicia que destacan polo fondo patrimonial que custodian.

Dende os seus comezos no ano 2008, a finalidade de Galiciana foi a de lograr a máxima visibilidade dos recursos dixitais integrados nela e a interoperabilidade cos principais proxectos de dixitalización existentes no ámbito nacional e internacional.



No ano 2020 Galiciana-Biblioteca de Galicia tivo un total de 112.168 usuarios que fixeron máis de 5.893.970 visitas ás súas páxinas. Con respecto ao 2019 estes datos supoñen un aumento dun 104,15 % no caso dos usuarios e do 48,35 % no número de visitas.



CLÁSICOS GALEGOS EN EPUB

No 2018 considerouse que sería enriquecedor para Galiciana-BDG incluír novos formatos, como o ePub, coa intención de favorecer a difusión das obras patrimoniais galegas e facilitar o acceso á información dos usuarios desde diferentes dispositivos. Este proxecto tivo continuidade e xa se conta con máis de 30 títulos accesibles en formato ePub. Trátase de obras clásicas da literatura feita en Galicia, en galego e castelán, de autores como Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Marcial Valladares, Emilia Pardo Bazán, Sofía Casanova ou Antón Villar Ponte, entre outros.

No ano 2020 coincidindo coa conmemoración do centenario de Nós, impulsouse a edición da revista en formato electrónico para permitir a súa lectura en diferentes dispositivos, como smartphones ou tablets, adaptándose así aos hábitos lectores da sociedade actual. Cada un dos 144 números de Nós que se publicaron entre 1920 e 1936 están xa accesible neste formato permitíndose así o acceso a este testemuño bibliográfico da historia cultura del Galicia dun xeito directo e sinxelo en dispositivos como os teléfonos móbiles, as tablets ou libros electrónicos.



WEB DA REVISTA NÓS

Desde o ano 2017 a Biblioteca de Galicia participa na estratexia da Memoria Dixital de Galicia, iniciativa impulsada pola Secretaría Xeral de Cultura e AMTEGA para crear un modelo de xestión e conservación do patrimonio cultural galego baseado nas TIC, que garanta a súa preservación, difusión e a accesibilidade desde calquera lugar do mundo e que favoreza a aparición de novos servizos e contidos para a industria e o turismo cultural

O portal revistanos.galiciana.gal é unha mostra deses novos servizos e contidos que se queren impulsar. Tomando como referencia a información e as imaxes proporcionadas por Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia, creouse esta nova web que presenta dunha forma innovadora e moi visual os datos de todas as persoas, lugares, institucións e acontecementos históricos que rodearon á revista Nós durante os seus 15 anos de vida. O medio elixido para iso foi representar ese patrimonio bibliográfico de Nós a través dun [Grafo de Coñecemento](#) interrogable que enlaza todos os colaboradores da revista cos contidos que xeraron, enriquecéndose ademais esas relacións con outros activos de coñecemento como a propia Galiciana, a Galipedia ou datos BNE.

Este novo servizo da impulsado pola Biblioteca trata de facilitar aos usuarios a recuperación da información do universo de Nós dun xeito máis próximo e amigable aos seus intereses e intencións, alentándoos a desfrutar da súa visita ao portal durante máis tempo e invitándoos a que descubran datos e relacións dos autores de Nós que lles puidesen resultar descoñecidos. Ademais, todos estes datos están contextualizados a través dunha liña do tempo que inclúe os feitos históricos máis relevantes acaecidos en Galicia durante o período que vai de 1845 a 1936.



MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS

Desde a súa inauguración, o 11 de xaneiro de 2011, a Biblioteca organiza periodicamente mostras bibliográficas nas que, ademais de tratar de lles dar visibilidade a figuras senlleiras da cultura galega, como Rosalía de Castro, Concepción Arenal, Manuel Antonio ou Antonio Fraguas, tamén se busca que a cidadanía coñeza máis polo miúdo que o patrimonio bibliográfico pode levarnos a descubrir, entre outras moitas historias, como evolucionaron os balnearios na nosa comunidade ou a percepción social da violencia de xénero ao longo dos anos.

Nestes dez anos de historia nos espazos expositivos da Biblioteca puidéronse ver as fotografías de Xurxo Lobato na súa mostra *Rostros do país*, todos os incunables da colección ABANCA na exposición *O berce do libro*, ou os magníficos debuxos do pai de Isaac Díaz Pardo en *Camilo Díaz Baliño: a xenialidade truncada*. Así ata máis de 20 exposicións nunha programación xa instaurada anualmente.

Dende o ano 2014 e co obxectivo de que os usuarios poidan recrear, revivir e coñecer parte do noso patrimonio bibliográfico e documental, a Biblioteca de Galicia realiza visitas virtuais de todas as exposicións que programa. A transformación a dixital desas

exposición físicas permite, non só que se que se obteña una representación permanente en Internet de un actividade efémera, senón tamén dálas a coñecer aos cidadáns en calquera momento e en calquera lugar do mundo.

Nestes momentos son accesibles a través do sitio web <https://bibliotecadegalicia.xunta.gal> 28 exposición das organizadas pola Biblioteca de Galicia ao longos destes anos.



ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN

Desde a ano 2014, tanto para difundir as efemérides do Calendario do Libro e a Lectura como as exposicións que se levan a cabo na propia biblioteca, a Biblioteca de Galicia organiza obradoiros e actividades dirixidas a todo tipo de público.

Nestes últimos anos púxose especial empeño en organizar actividades destinadas ao público infantil e xuvenil, co obxectivo de dar a coñecer entre os máis novos o noso patrimonio bibliográfico.

Novembro mes da ciencia en galego nas bibliotecas.

A Biblioteca de Galicia celebra o mes dedicado á ciencia, novembro, con varios obradoiros e actividades destinadas a distintas idades e públicos, converténdose nun gran laboratorio para grandes e maiores que poderán desfrutar cada sábado con divertidas experiencias, á vez que aprenden e afondan no coñecemento científico dunha maneira amena.



XORNADAS TÉCNICAS

O programa de xornadas técnicas impulsadas desde a Biblioteca de Galicia organizouse de xeito continuado entre os anos 2017 e 2019. Cada un deses anos puxéronse en marcha dúas xornadas, unha no primeiro semestre do ano, habitualmente no mes de xuño, e outra no mes de decembro. Pola situación de emerxencia sanitaria derivada da COVID-19 este programa interrompeuse no 2020, pero retomárase neste 2021 cunha xornada especial sobre bibliotecas autonómicas.

2017

Datos abertos enlazados en bibliotecas, arquivos e museos - 19 de maio

A Preservación do Patrimonio Documental en Liña: o novo reto do Depósito Legal - 14 de decembro

2018

Prensa histórica e xeración de coñecemento: do papel ao dixital - 8 de xuño.

Redescubriendo o patrimonio bibliográfico: situación actual e perspectivas de futuro - 14 de decembro

2019

Biblioteca especializadas e Centros de documentación – 21 de xuño

RDA: estado da cuestión – 13 de decembro



DÉCIMO ANIVERSARIO DA BIBLIOTECA DE GALICIA

EXPOSICIÓNS

- Lolita Díaz Baliño. A discreción imposta dunha gran artista.
- Letras galegas 2021 na Biblioteca de Galicia. Xela Arias.
- IMAGO SANCTI IACOBI: a ilustración xacobeas na Biblioteca de Galicia.
- Sempre palpitante. Emilia Pardo Bazán.
- 10 anos da BdG. As pegadas dunha década.



ENCONTROS

NA BIBLIOTECA LESE POESÍA

A biblioteca converteuse no marco para que 5 poetas amosaran a súa obra a través do programa *Na biblioteca lese poesía*. No Auditorio Neira Vilas gozamos da poesía recitada, falada e incluso combinada coa música. Dende o 12 de marzo, os fins de semana estiveron na biblioteca: Yolanda Castaño con Isaac Garabatos, Antonio García Teijeiro, Alba Cid, Aldaolado (María Lado e Lucía Aldao) e Rosalía Fernández Rial.



A ILUSTRACIÓN TOMA PROTAGONISMO NA BIBLIOTECA DE GALICIA

Non só a palabra escrita estivo presente nas actividades que conmemoran os dez anos da Biblioteca de Galicia. A linguaxe visual impresa, cada vez máis demandada nas bibliotecas, merece tamén estar nesta programación.

O obxectivo desta actividade é contar con algúns dos ilustradores galegos máis sobresaíntes actualmente. Nas sesións que se programarán todos os venres do mes de Maio ás 19:00 horas, as ilustradores e ilustradores convidados compartirán cos asistentes as súas habilidades, traballos e experiencias e nas que se deixará completa liberdade a súa creatividade.

De novo o Auditorio Neira Vilas foi espazo que acolleu estes encontros, que tamén puideron seguirse por streaming na canle de Youtube da Cidade da Cultura.

Xosé Tomás, Laura Romero, Iria Ribadomar, David Pintor, Alberto Guitián e Miguelanxo Prado foron os debuxantes que lle deron o protagonismo á ilustración na celebración do décimo aniversario da Biblioteca de Galicia, no mes en que se celebra o Día do cómic.



DEZ ANOS. DEZ AUTORES. DEZ LIBROS

A narrativa e os narradores tamén estiveron presentes a través do **Ciclo 10+10+10**, no que 10 autores falaron de 10 obras que marcaron a súa vida e a súa traxectoria literaria. Destacouse a obra actual destes autores e autoras e as obras que lles ensinaron o camiño das letras.

O ciclo comezou no mes de abril, e houbo dous encontros con autores cada mes no Auditorio Neira Vilas da BdG.

O ciclo contou cos seguintes autores e obras das que conversaron:

- Aranzta Portabales falou de *Que me queres amor?* de Manuel Rivas
- Ledicia Costas falou da obra *Cartas de Inverno* de Agustín Fernández Paz.
- Domingo Villar falou de *Cousas* de Castelao.
- María Solar falou de *O misterio das Badaladas* de Xabier P. Docampo.
- María Canosa falou de *Berta non soubo voar* de Concha Blanco.
- Fina Casalderrey falou de *Retrincos* de Castelao.
- Pedro Feijóo falou de *Polaroid* de Suso de Toro.
- Santiago Lopo falou de *Merlín e Familia* de Álvaro Cunqueiro

- Andrea Maceiras falou de *O libro das viaxes imaxinarias* de Xabier P. Docampo
- Juan Tallón falou de *Días contados* de Xosé Cid cabido.



DÍA DA TRADUCIÓN

O Día da Tradución, o 30 de abril, en colaboración coa AGPTI, a Biblioteca de Galicia puxo en marcha unha conversa entre Samuel Solleiro e Roi Vidal Ponte. Ambos trataron de dar resposta a todas aquelas preguntas que lle xorden ao tradutor cando aborda o proceso de traducir unha obra doutro autor.

A conversa tivo como referencia as súas traducións máis recentes: *Noite fiel e virtuosa* de Louise Glück ao galego, no caso de Solleiro, e *Doentes* de Roberto Vidal Bolaño —pai do tradutor— ao castelán, no caso de Vidal.



10 ANOS BIBLIOTECA DE GALICIA 16/12/2021

DÍA DAS ESCRITORAS

Para conmemorar o Día das Escritoras, 18 de outubro, este ano 2021 a Biblioteca de Galicia organizou unha charla con Montse Pena e Dolores Vilavedra titulada "Non se acouga con tanta multitude: unha aproximación á obra literaria de Xohana Torres".

Esta conversa foi unha homenaxe á figura de Xohana Torres dende unha perspectiva poliédrica e divulgativa, tratando todos os xéneros que cultivou a autora viguesa. Comezando pola abordaxe da súa poesía, pasando pola súa escrita dramática e a súa produción narrativa, sen esquecer o seu papel como pioneira da literatura infantil e xuvenil galega.



Panorama actual das bibliotecas autonómicas

XORNADA TÉCNICA DA BIBLIOTECA DE GALICIA
Auditorio Neira Vilas
Edificio do Arquivo e da Biblioteca de Galicia
16 e 17 de decembro de 2021



XUNTA
DE GALICIA




Xacobeo 21-22

A BIBLIOTECA DE GALICIA EN CIFRAS

DATOS ESTADÍSTICOS DA BIBLIOTECA DE GALLICIA NO CATÁLOGO DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA


TIPO DE DOCUMENTO	TÍTULOS	Nº DE EXEMPLARES
Música impresa	119	190
Audiovisuais	130	264
Electrónicos	229	1.006
Manuscritos	423	889
Cartográficos	1.107	1.421
Sonoros	3.558	6.103
Gráficos	8.439	10.910
Publicacións Periódicas	8.226	5.320
Libros e Folletos	141.459	255.597
TOTAL	163.690	281.700




PATRIMONIO BIBLIOGRÁFICO (PUBLICACIÓNS ANTERIORES A 1958)

Tipoloxía	Exemplares
Libros e folletos	21825
Manuscritos	10
Audiovisuais	0
Cartográficos	259
Debuxos e gravados	414
Música impresa	95
Fotos, carteis...	1249
Publicacións periódicas	1693
Analíticas periódicas	15
Analíticas monografías	38
TOTAL	25598

EVOLUCIÓN DO INVESTIMENTO NA BIBLIOTECA DE GALICIA 2011-2021



EVOLUCIÓN DO INVESTIMENTO NA BIBLIOTECA DE GALICIA 2011-2021



EVOLUCIÓN DO INVESTIMENTO NA BIBLIOTECA DE GALICIA 2011-2021



NOVOS RETOS

- Incrementar a porcentaxe das nosas coleccións accesibles a través do catálogo da biblioteca.
- Mellorar os índices de accesibilidade á colección, tanto física coma dixital, incidindo na igualdade de oportunidades para todas as persoas.
- Potenciar a cooperación con outras institucións culturais públicas e privadas e cos creadores e creadoras de Galicia para a recolección, conservación e preservación do patrimonio bibliográfico de Galicia.
- Incrementar a difusión e a posta en valor do patrimonio cultural, facilitando a investigación e o coñecemento a partir da colección e dos labores de información e asesoramento técnico da Biblioteca.
- Potenciar o uso das novas ferramentas dixitais e tecnolóxicas para o desenvolvemento dos servizos bibliotecarios.
- Incrementar os labores de innovación e actualización dos procedementos técnicos dirixidos ao resto da Rede de Bibliotecas Públicas e aos seus profesionais.
- Plan Estratéxico da Biblioteca de Galicia



Moitas grazas
bibliotecadegalicia@xunta.gal